

ANEXO II- MEMORIA DESCRIPTIVA

CENTRO: CEIP SAN MARTIÑO	CIF:
-----------------------------	------

NOME PROXECTO/ACTIVIDADE:

CONTOS DE MULLERES, COMO SON ELAS NA VIDA REAL?

TRAXECTORIA DO CENTRO (Historia, contorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos). Máximo 3000 caracteres.

O CEIP San Martiño é de liña un, cun ciclo de Educación Infantil e unha aula por cada curso de primaria. Ademais da equipa directiva e das titoras de cada curso, forman parte do claustro unha especialista de audición e linguaxe e personal de orientación.

Trabállamos de xeito colectivo, con proxectos que implican a todo o profesorado, quer de formación, como o de robótica educativa; quer didácticos, como a Semana da Lectura adicada ás mulleres comenzada co Entroido das Sufraxistas, onde todo o alumnado foi co mesmo disfraz pedindo o voto feminino ou o proxecto dos deportes onde se buscou o coñecemento de disciplinas tan variadas como rugby, pirlgüismo, tenis de mesa ou triatlón con perspectiva de xénero integradora. Téñase en conta que, por motivos de espazo citamos só dous exemplos dentro do traballo de todo o centro.

No noso ciclo de Educación Infantil é da amior importancia que todo o traballo faise por proxectos e que sempre incorpora a perspectiva da igualdade. Citamos outra vez só a título de exemplo por motivos de espazo: Os inventos das mulleres, Superheroínas e superheroes, A prehistoria: cazar e recolectar. . . Por último, aínda que non menos importante, todo o claustro do noso centro usa datas sinaladas para reflexionar co alumnado como o Día da muller traballadora e o Día contra a violencia de xénero.

XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS. Máximo 2000 caracteres.

Os contos forman, moldean, estereotipan, mostran camiños, dan solucións . . . Empezando dende os tres anos e até chegar ao alumando do último curso de infantil quixemos ensinar un pouco desa perspectiva de desigualdade que transmiten os contos de mulleres ou as mulleres nos contos.

OBXECTIVOS.

- *Identificarmos algunha característica das protagonistas femininas*
- *Opormos esas características ás dos protagonistas masculinos*
- *Reflexionarmos sobre a discriminación*

ACCÍONS, PROCEDEMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA. Máximo 3000 caracteres.

3 ANOS: Estudo co conto Carapuchiña Vermella: o obxectivo deste proxecto é o de percibir actitudes sexistas nos medios de transmisión cultural máis utilizados entre nenas e nenos, os contos Coa análise do conto Carapuchiña Vermella imos observar se as diferenzas e roles de xgénero son perceptíbeis na obra. Así mesmo imos analizar novas versións do conto para comprobar se o tratamento das personaxes e o discurso que se ofrece realmente varía. Procedemos a seguir cunha análise comparativa entre as diferentes versións das obras. Finalmente, cos datos recollidos e debatidos, inventamos a nosa propia versión do conto.

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA

5 ANOS: Vendo que as compañeiras e compañeiros de catro anos analizaron o rol das protagonistas nos contos de princesas elaborando as súas propias conclusións nós decidimos dar un paso máis coa aplicación do método científico para a comprobación da veracidade na biblioteca do centro da nosa hipótese: "Hai máis contos de homes que de mulleres". E coa análise das protagonistas femininas e masculinas para ver se cumpren as condicións que o alumnado considerou indispensábel ter: ser guap@, bo@, valente e facer cousas chulas. Cada día analizabamos un conto e coas conclusións elaboramos unas táboas estadísticas. Todo o material serviunos para facer un libro.

METODOLOXÍA EMPREGADA. Máximo 2000 caracteres.

Por traballarmos con alumando de educación Infantil, a metodoloxía baséase sobre todo na observación e no diálogo.

Partimos de contos que xa coñecen, dunha lectura activa, dunha dramatización posterior e dun diálogo dirixido. Intentamos darlle un carácter diferente a personaxes e historias que malia a súa corta idade teñen moi interiorizadas. Así, por exemplo, moitas veces dramatizamos o conto cambiando o carácter da personaxe (Carapuchiña engana ao lobo) ou inventamos outro final (Branca de Neve non casa co príncipe e fica para sempre a vivir cos ananos) ou levamos pouco a pouco a reflexión a súa vida e chega darse pé a frases tan en contra das leis da física como "Qué parva Rapunzel, ben podía ela tirar a súa trenza a e xa baixar e non andar a agardar que a salvase ninguén", mais que implican unha rebeldía ante o papel pasivo da protagonista.

Este proxecto tamén serviu no caso do alumnado de cinco anos para darmos un paso máis e inciármolo no método científico a través da formulación dunha hipótese ("hai máis contos de homes que de mulleres) e a súa comprobación empírica a través do reconto dos contos da biblioteca do centro e das súas particulares. Este reconto e a análise metódica do contido dos contos foi vertida polo alumnado en táboas estadísticas que serveron de base a un estudo sociolóxico.

TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN. Máximo 2000 caracteres.

O proxecto foi realizado durante o primeiro trimestre do curso 2017 – 2018, pero a visión de análise aportada polo mesmo na aula de 5 anos estendeuse ao longo de todo o curso, de xeito que cando se lía un conto sempre se analizaba se a personaxe principal "valía", sobre todo se era valente e facía cousas chulas.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS.

Máximo 2000 caracteres.

Todos os proxectos de Educación Infantil teñen a implicación das familias.

No caso do alumnado de tres anos a participación das familias foi imprescindible. Foron elas quen aportaron diferentes edicións e versións do conto de Carapuchiña Vermella, aínda que a súa principal colaboración foi a de contarlle o conto ás nenas e aos nenos na casa para elas e eles despois poderen reproducilo na aula.

No caso do alumnado de catro anos o el converteuse en contacontos mentres no de 5 anos cada familia repetiu a comprobación da hipótese no seu fogar contando cantos contos de protagonista feminina e cantos de protagonista masculina tiñan.

Asemade os proxectos foron coñecidos polo claustro, que se mostrou abraiado de que malia os esforzos que fai a escola, segan a primar os libros de protagonista masculino na biblioteca.

INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA (Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...). Máximo 2000 caracteres.

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA

*O proxecto foi presentado ao Salón do libro deste ano adicado ás Mulleres de Conto. Asimesmo foi publicado no artigo referido a este tema no faro na escola do noso centro, no blogue de Educación Infantil, **Charabiscas**, fomos publicando direntes noticias referidas aos avances do proxecto que culminaron coa visita ao Salon do libro e tamén temos repercusión no facebook do CEIP San Martiño.*

VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS. Máximo 2000 caracteres.

A respecto dos primeiros cursos da Eduación Infantil, a valoración é moi positiva porque nos parece que iniciamos o camiño da mirada crítica ante os estereotipos de xénero dos contos de protagonista feminina.

Se nos referimos ao alumnado de sexto de educación infantil a valoración é aínda máis positiva, porque non só puido comprobar un feito discriminatorio como é a presenza asolagadora dos protagonistas masculinos nos contos, senón que elaborou uns items propios e comprensíbeis que lle permitiu, ao longo do curso, valorar moitos dos contos que habitualmente lía sen criterio ningún.

Ao remate, frases como "Peppa Pig é parva, todas as cousas chulas fainas o seu irmán", fixéronos sentir que aportamos un graño de area á non aceptación das imaxes impostas polo mercado.

PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.

Máximo 2000 caracteres.

A consecuencia máis evidente é acrecentar o número de libros de protagonistas femininas no centro, e conseguir que as nosas bibliotecas tanto de centro coma de aula sexan un espazo de igualdade, non só polo número senón tamén pola calidade.

Por suposto este feito incide en todos os aspectos da aula, porque non se concibe un proxecto en Educación Infantil sen un conto. É imprescindible ter en conta que o alumnado aínda non sabe ler, de xeito que as imaxes e o que trasnmíten son fundamentais. Xa que logo, buscar imaxes onde se vexan protagonistas femininas "que fagan cousas chulas", é dicir, activas, con iniciativa e independentes parécenos imprescindible.

RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, se a houber

- Breve resumo clarificador do proxecto de cuarto de Educación Infantil: "Carapuchiña Vermella"
- Breve resumo clarificador do proxecto de sexto de Educación Infantil: "As protagonistas dos contos. Pequeno estudo sociolóxico"
- Ensaio elaborado polo alumnado de sexto de Educación Infantil: "Investigación de protagonistas femininas e masculinas"

, de de 2018

SINATURA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA

CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CULTURALS